



EXMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BAIONA

CELEBRADA O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2016

ALCALDE-PRESIDENTE: D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA

CONCELLEIROS: D^a. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ
D^a. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ
D^a. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS
D. POLICARPO VILAR MISA
D. JOSE ANGEL BAHAMONDE RODRÍGUEZ
D. RAUL COSTAS LAFUENTE
D^a BEATRIZ GONZÁLEZ PÉREZ
D^a.M^a DEL CARMEN PAREDES CABRAL

D. RAFAEL LORES ROSAL
D. CARLOS GÓMEZ PRADO
D^a VIRGINIA SANTOS CABRERA
D^a LAURA MIGUEZ PÉREZ

D. IAGO PEREIRA MOREDA
D. XOSE MANUEL MARCOTE GIL

D. SILVANO MONTES SÁNCHEZ
D^a AROA DOMÍNGUEZ PARDIÑAS

SECRETARIA MUNICIPAL: D^a. SUSANA GALLARDO FARIÑA

INTERVENTORA MUNICIPAL: D^a. ROSA MARIA DEL RIEGO SANTOS

Na Casa Consistorial de Baiona, a vintenove de febreiro de dous mil dezaseis, sendo as doce horas reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello.

O Sr.Alcalde comenta que este Pleno ordinario debería celebrarse o primeiro xóves do mes de marzo, día 3; e como xa comentou cos grupos da Corporación municipal trasladouse ó día de hoxe debido a que nesta semana que agora comenza, que é tan importante para todos, hay moitísimas actividades con motivo da Festa da Arribada os días 4, 5 e 6 de marzo. Por elo chegouse a un consenso para celebrar hoxe o Pleno ordinario que correspondería ó mes de marzo.

Declara aberta a sesión, procedéndose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.

- **Acta da sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2016.**
- **Acta da sesión extraordinaria de data 24 de febreiro de 2016.**

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer ás devanditas actas.

SR.PEREIRA, BNG.- Bos días a todos e a todas. Na páx.3 na miña intervención no último parágrafo, na acta do Pleno do 11 de febrero, on dí: "*As cargas e cánons e tributos que vostedes..... coa sua constante sumisión ás políticas fraticidas do FBI*"; é FMI; máis que nada porque se poñemos FBI igual veñen a por mín. Evidentemente é unha errata.

Non producíndose máis observacións ás actas, fican aprobadas por unanimidade.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

O Sr.Alcalde da conta das Resolucions da Alcadía ditadas dende o último Pleno ordinario cuxa relación foi entregada ós/ás concelleiros.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS 2/2016.

O **SR.ALCALDE** cede a palabra á **SRA. IGLESIAS, PP**, quen da conta da seguinte **PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

" Elévase ó Pleno para sua aprobación a relación de facturas **02-RE/16** de reconocimiento extrajudicial por importe total de **200.417,34 €**. Se corresponden na sua integridade con facturas do exercicio 2015 rexistradas en 2016. Así se inclúen a práctica totalidade de facturas de prestación de servizos do mes de decembro, como o relativo ó servizo de limpeza das dependencias municipais, tratamento dos residuos por SOGAMA, facturas do suministro de enerxía eléctrica dende novembro de 2015 a comezos de xaneiro de 2016.

Existe consignación para recoñecer estas facturas nas correspondentes partidas do Presupuesto de 2015, prorrogado para 2016, como se sinala no informe de reparo de Intervención nº 04/16."

SR. GÓMEZ PRADO, PSOE.- Bos días a todos e a todas. Nos neste punto non temos nada que obxetar, polo tanto vámonos a abster.

SR.PEREIRA, BNG.- Igualmente nós nos abstemos neste punto.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Como en todas las relaciones de facturas, siempre que hay un reparo de Intervención, nos abstenemos.

O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: **9 votos a favor, PP; produciéndose 8 abstencións: 4, PSOE; 2, EU-SON; 2,BNG.**

Polo cal, por maioría absoluta, o Pleno do Concello ACORDA:

"Aprobar, comprometer o gasto e recoñecer extrajudicialmente as obrigas que se derivan das facturas incluídas na relación nº **02-RE/16** por importe de **200.417,34 €: doscentos mil catrocentos dezasete euros con trinta e catro céntimos**, a favor dos terceiros detaiados na relación citada e con cargo ás partidas correspondentes do Presupuesto do ano 2015, prorrogado para 2016, resolvindo o informe de reparo de Intervención nº 04/16."

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE EXPROPIACIÓN POR MUTUO ACORDO ENTRE O CONCELLO DE BAIONA E DNA.MARIA CELIA BARREIRO ÁLVAREZ DE 663 METROS CUADRADOS EN BAREDO.

O **Sr.Alcalde** cede a palabra á **SRA. SIMONS, PP**, quen da conta da seguinte **PROPOSTA:**

"A causa de la actuación de Colectores xerais e EDAR en Baiona llevada a cabo por la Consellería de Medio Ambiente en el año 2007, se resolvió un expediente de expropiación por trámite de urgencia debido a la obligatoriedad de puesta a disposición de los terrenos para la instalación de una estación de bombeo en la finca propiedad de María Celia Barreiro Álvarez.

Por ello se firma el convenio para la ocupación de 387 m2.

Posteriormente, en el año 2010, se constituye una servidumbre para la construcción de un colector de conexión de la red de saneamiento existente con la estación de bombeo de 75,24 m2., y 45 metros lineales, accediéndose a dicha superficie a través de una puerta desde el propio bombeo.

Tras la aprobación del proyecto de restitución de la senda fluvial del río Fraga que incluye la mejora en la red de saneamiento de aguas fecales, que afecta a la servidumbre comentada, se propuso la expropiación del ámbito de 276 m2., que supone un total de 663 m2. Teniendo en cuenta la fijación del justiprecio por valor de 6 euros/m2, según informe técnico, la valoración de los terrenos afectados asciende a 3.978 euros, siendo aceptado por la propietaria según documento adjunto.

A la vista de los informes jurídico y de intervención, se eleva al Pleno la adopción del siguiente acuerdo:

PRIMERO.- Aprobar el convenio de expropiación por mutuo acuerdo entre el Concello de Baiona y Dna. María Celia Barreiro Álvarez de 663 metros cuadrados en la finca de su propiedad sita en Baredo.

SEGUNDO.- Notificar a la interesada."

SR.ALCALDE.- Dar la enhorabuena a nuestra querida Ana Simons por su intervención.

SR. GÓMEZ PRADO, PSOE.- Neste punto tamén nos vamos a abster; entendemos que é unha xestión por parte do grupo de goberno e aparte, sendo de mutuo acordo, non temos nada que decir ó respecto.

SR.PEREIRA, BNG.- Nós, habendo un convenio por mutuo acordo, vamos a votar a favor.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Igualmente; estando de acordo ambas partes no tenemos nada que objetar. Votaremos a favor.

O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 13 votos a favor (9, PP; 2, EU-SON; 2,BNG); 4 abstencións, PSOE.

Polo cal, por maioría absoluta, o Pleno do Concello ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de expropiación por mutuo acordo entre o Concello de Baiona e Dna. Maria Celia Barreiro Álvarez de 663 metros cuadrados na finca de referencia catastral 0724201NG1602S0001YG sita en Baredo.

SEGUNDO.- Notificar á interesada.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DE LOCAL Á ASOCIACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA.

O Sr.Alcalde cede a palabra á SRA. IGLESIAS, PP.

SRA. IGLESIAS, PP.- Con data 1/06/2015 D. Juan Manuel Gregorio Vaqueiro en calidade de Presidente da Asociación do Grupo de Acción Costeira (GAC) solicita novamente a cesión do local ata o ano 2020 co fin de dar continuidade á execución do Plan Estratéxico Zonal.

A actividade que desenrola o GAC 7 é de gran interese socioeconómico no desenvolvemento do sector pesqueiro de todos os municipios incluídos no seu ámbito de aplicación, entre os que se atopa o Concello de Baiona. Pola importancia que o GAC ten para Baiona e as subvencións que chegan a través de Fondos europeos, estimamos que isto está máis que xustificado para seguir cedendo este local sito na rúa Ventura Misa nº19 ata o 2020.

Por iso traemos ó Pleno este segundo punto para aprobalo e despois notificar ó interesado.

SR. GÓMEZ PRADO, PSOE.- Como ben explicou o Alcalde incluso na Comisión Informativa, que a actividade deste grupo e o traballo feito ata agora é importante para o Concello de Baiona, nós vamos a apoiar este punto.

SR.PEREIRA, BNG.- Nós tamén apoiamos este punto entendendo que as actividades que realiza o GAC son beneficiosas para o Concello.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- En la línea de los anteriores; vamos a apoyar la cesión del local.

SR.ALCALDE.- Darles las gracias porque toda la Corporación municipal entienda la importancia que tiene para nosotros el GAC, que a partir de ahora es GALP, para todo nuestro pueblo y para otros municipios; ustedes ya tienen la información que nos pidieron el otro día en la Comisión Informativa, que digamos es un inventario de todo lo que se ha hecho hasta ahora en Baiona por el GAC 7, que es mucho; para que vean realmente todo lo que se ha hecho y todo lo que podremos hacer en el convenio próximo durante 4 años más; sobre todo para defender los intereses de todo lo que tiene relación con el mar en Baiona, que es mucho.

O Sr. Alcalde somete a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal, por unanimidade, o Pleno do Concello ACORDA:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada pola Asociación do Grupo de Acción Costeira de cesión do baixo cuberto do inmovible sito en Ventura Misa nº19 ata o ano 2020, advertindo que no caso de que o inmovible non fose destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión ou deixasen de selo posteriormente considerárase resolta a cesión e reverterán aqueles a o Concello de Baiona, o cal terá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

SEGUNDO.- Notificar ao interesado.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Administración Local.

6.- MOCIÓN RELATIVA AO COMPROMISO COA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.

O **SR.ALCALDE** cede a palabra á **SRA.DOMINGUEZ, EU-SON**, quen procede á lectura da seguinte:

MOCIÓN

Os voceiros dos Grupos Municipais do BNG, EU-Son e PSdG-PSOE no concello de Baiona, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, someten a consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCION**

EXPOSICION DE MOTIVOS

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º *Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

O Concello de Baiona manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e INSTA á Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.
- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na línea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.
- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.
- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias.

O Sr.Alcalde somete a votación a inclusión da presente Moción na Orde do Día, resultando aprobada por unanimidade.

SRA.BEATRIZ GONZÁLEZ, PP.- Bos días a todos e a todas. Comenzar decindo que o informe felicita ó Estado Español porque a situación tralo último, elaborado no ano 2012, mellorou considerablemente. Entre os aspectos positivos que destaca en Galicia atópase o incremento do número de medios de comunicación audiovisual privados que emiten parte da súa programación na lingua propia, así como o notable incremento do uso do galego nas actividades culturais, se ben é certo que non é tan grande no ámbito do comercio e no ámbito económico.

Respecto ao segundo punto, referente ao Ensino, destacar que o noso sistema baséase na aprendizaxe integral das dúas linguas ao 50% e na atención personalizada do alumnado, de xeito que ao final dos distintos ciclos formativos adquiran competencia por igual nas dúas linguas cooficiais.

O Decreto axústase á Lei, superou 8 sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a do Tribunal Supremo, e o recurso presentado pola RAG ao Tribunal Constitucional non foi admitido a trámite. Xa se modificaron os parágrafos necesarios para axustálo ás sentenzas do TSXG.

Este sistema funciona, xa que o galego segue sendo a lingua maioritaria en Galicia.

A partir deste informe, o Consello de Ministros do Consello de Europa fai 6 recomendacións (son as que teñen valor firme, non o propio informe); e entre elas podemos resaltar a de "continuar a garantir que a oferta de educación trilingue non afecta negativamente á protección e promoción das linguas minoritarias". Iso é porque xa se está a garantir a protección da lingua galega.

Respecto á modificación da fixación de materias, fíxose precisamente para impulsar a lingua galega nas materias que manexan máis léxico e sí se poden impartir materias científico-técnicas tales como bioloxía e xeografía.

Respecto ó ensino do galego infantil nas cidades, xa está garantida pola adquisición de competencias ao 50%, segundo todos os datos que manexa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E destacable dicir que cando o informe insta a "continuar a garantir que a oferta de educación trilingue non afecte negativamente á protección e promoción das linguas rexionais ou minoritarias" é que o propio informe recoñece que xa existe unha garantía e que debemos darlle continuidade. Grazas.

SR.PEREIRA, BNG.- Señorita González, claro que o Decreto axústase á Lei, evidentemente; pero iso non significa que sexa bó; de feito as 6 recomendacións veñen dadas porque non se axusta completamente ao obxectivo da propia Carta. Vostede di literalmente que este sistema funciona; non entendo como pode dicir iso si realmente hai, como vostede ben dí, basicamente 6 reparos na propia Carta.

Cando se presentan datos hai que presentálos todos; é dicir, vostede falou de non sei que partidas; vamos a ver, quen leva todo o tema da política lingüística é a Secretaría Xeral da Política Lingüística da Consellería de Educación, ben; pois esa partida no 2010 era de 15,5 millóns de euros, no 2011 de 9,2; no 2012 de 8,1; no 2013 de 5,7; é dicir, no 2013, no último período á que este carta se refire, é 10 millóns de euros menos que no 2010; eses son datos.

O informe evidentemente non dí que se estén facendo mal as cousas; dí que se poden facer mellor; e aquí o que plantexamos nós é que se fagan mellor; entón realmente non entendemos dende o BNG como esta moción non é conxunta e o propio Partido Popular non participa dela.

Solicitamos que recapaciten porque entendemos que é moi mellorable a situación da política lingüística en Galiza.

SRA.DOMINGUEZ, EU-SON.- Decir que cumpre corrixir o efectivo das garantías para que esta carta que se firmou en 2001 se leve a cabo.

O Sr.Alcalde somete a votación el presente punto, resultando: 8 votos a favor (4, PSOE; 2, EU-SON; 2,BNG); e 9 votos en contra, PP.

E por isto que o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA rexeitar a presente moción.

7.- MOCIÓNS.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS.

EU-SON.- SR.MONTES SÁNCHEZ.-

- En relación con cesión de local y buzones que teóricamente debería haber, a los cuales no hemos tenido contestación. **ROGAMOS** que se nos conteste; y en el caso de los buzones, como físicamente comprendemos que es más complicado hacerlo, **ROGAMOS** que lo que ya habíamos hablado en su momento en la primera y única reunión que tuvimos sobre transparencia, que por lo menos se dote a cada concejal de una cuenta de correo electrónico del Ayuntamiento, ya que no tenemos el buzón físico por lo menos que cualquier vecino pueda dirigirse a cualquier concejal con una cuenta del Ayuntamiento.

- Otro **RUEGO** que ya hicimos en el anterior Pleno, sobre la agenda del Sr.Alcalde, comprendemos lo que nos decía de que efectivamente no vamos a tener a una persona para eso, pero sí que podría ser el **RUEGO** de que a la vez que se informe a la prensa de los actos que se pase un correo a cada concejal y así estamos todos enterados.

SR.ALCALDE.- Aunque no es una pregunta, voy a contestar. El otro día ya le comenté que estaba de acuerdo en ese tema, no tengo ningún problema por comentar mi agenda, aunque en su momento ustedes me comparaban con el Sr.Presidente del Gobierno en funciones, el Sr.Rajoy, no soy tan importante como él; no tengo ningún problema. También hablé con el Partido Socialista, le expliqué un poquito que a veces la agenda no es tan sencilla, pero en todos los actos, igual que ayer tuve el honor de correr a su lado, y los 2 fuimos fatal, pero también quiero decir que en la Voz de Galicia, no es por hacer publicidad pero es donde salió, el sábado 27 de febrero, dice el titular "18 Concellos pasan de la Ley de Transparencia, y 6 cumplen a medias"; y casualmente solo hay 3 que cumplen: Vigo, Mondariz-Balneario, y otro el municipio del que tengo el honor de ser Alcalde. Solo 3 lo cumplimos.

Quiero felicitar a toda la Corporación municipal por todos los datos para poner ahí y sobre todo la gran labor de nuestra Secretaria e Interventora, porque como ya he dicho no es fácil llevar la Ley de Transparencia. Nos fue muy grato poder leer esta noticia; de hecho me sorprendió que nosotros hiciésemos los deberes y pensaba que muchos más los habían hecho también, y como pueden comprobar no es así, ninguno de nuestro entorno. Reiterar la enhorabuena tanto a la Secretaria como a la Interventora. De todos modos lo mejoraremos, y repito que no tengo ningún problema en haceros partícipes de mi agenda; una semana antes si os puedo decir a dónde voy a ir, aunque a veces haya un montón de cambios.

EU-SON.- SR.MONTES SÁNCHEZ.-Respecto a lo de la Voz de Galicia que efectivamente nos alegra que lo haya publicado, pero aquí, entre nosotros, sabemos que no es totalmente cierto; yo tengo aquí un montón de incumplimientos de la Ley, que no están reflejados todavía, supongo que por falta de tiempo; por ejemplo, los contratos menores hay que publicarlos trimestralmente, según dice la Ley, Se han publicado de noviembre a junio; y la Ley entró en vigor, recuerdo, hace 2 años; otra cosa es que tenía que estar todo publicado ya a partir del 1 de diciembre, pero teóricamente hay que publicar desde atrás.

Falta, por ejemplo, el contrato de parques y jardines y el servicio de grúa, que no aparece, pinchas pero no sale; faltan datos estadísticos sobre el porcentaje de volumen presupuestario; falta la relación de convenios suscritos, y encomiendas de gestión que supongo que no hay, pero en todo caso faltan; y falta la relación de los bienes inmuebles, entre otras cosas.

Aun así, por supuesto que estamos, uno entra en páginas de otros Ayuntamientos y no ve nada, y en la nuestra se ven un montón de cosas, eso no se va a negar, sin duda el esfuerzo ha sido grande; pero vamos a ser también un poco objetivos con la realidad; nuestro interés es que esté todo; pero claro que reconocemos el esfuerzo y que comparando con otros Ayuntamientos vamos por encima en mucho.

SR.ALCALDE.- Baiona siempre está a la cabeza. Estoy de acuerdo con usted, pero fíjese, hay algunos que no cumplieron, otros a medias, y si aun por encima de lo que dice usted que nos faltan algunas cosas y nos ponen un sí, imagínese como estarán todos los demás.

Este artículo de la Voz de Galicia no es un artículo que hayamos mandado nosotros.

PREGUNTAS

SR.GÓMEZ, PSOE.-No último Pleno preguntábamos en que situación estaban as viviendas de Sabaris; e si as que están rematadas sen habitar si pagan impostos; como por exemplo o IBI.

SRA. SIMONS, PP.- Las que se encuentran finalizadas sí pagan IBI; las otras están en construcción.

SR.GÓMEZ, PSOE.- Outra das preguntas era que das que están en construción si o goberno ten algún tipo de proxecto ó respecto ou algún tipo de acción para que se rematen ou sirvan para algún fin, como por exemplo vivendas sociais ou de alquiler.

SRA. SIMONS, PP.- Teñen propiedade; nós non podemos meternos nunha propiedade.

SR.GÓMEZ, PSOE- Tamén fixemos as seguintes preguntas:

- Queríamos saber si a estas alturas están xa xustificadas os seguintes gastos correspondentes ás partidas da Deputación de Pontevedra:

- Con respecto ó ano 2014, a relación do Plan especial de dotacións e infraestructuras "As Costeiras".

- Do ano 2015, están todas sen xustificar, ademais solicitaron tamén contratar directamente a mellora da capa de rodadura do vial de acceso ó Parador de Turismo "Conde de Gondomar", para contratálo directamente vostedes, e polo tanto queríamos saber o porqué.

SRA. SIMONS, PP.- Con respecto ó plan de "As Costeiras" se encontra en tramitación; en este momento está justificada la primera fase que es el documento de inicio.

Con respecto a los proyectos del 2015, ahora mismo están en ejecución, serían la reurbanización del Burgo y la senda del río Fraga; pero están cumpliendo los plazos que otorga la Diputación para la finalización de las mismas.

Con respecto al proyecto a la Diputación, lo que se hizo fue que se solicitó desde el Concello la mejora, debido a que con otro proyecto estaban ejecutando el interior del Paredor y se solicitó pues que se hiciera desde fuera también, pero lo ejecutó la propia Diputación, no el Concello.

EU-SON. - SR.MONTES SÁNCHEZ.-

Recentemente celebráronse probas para acceder a diversos postos de traballo do Plan Concellos 2016, nas que nos atopamos con bastantes persoas NON APTAS nas probas. Por exemplo, no tema das plazas para barreiros, resulta que non hai ningunha persoa apta para a plaza.

¿Cal e o protocolo de chamamento aos desempregados?.

Como non miramos publicadas na web do Concello, nin as prazas ofertadas, nin as bases para optar a elas, nin por suposto como se fan as probas tanto teóricas como prácticas,

- ¿Facilitáseles aos inscritos o temario ou se lles da conta de en qué consisten as probas con tempo dabondo para a súa preparación?. Entendemos que aquí non hai un temario, son unhas probas básicas, pero poderían decirlles como encender un soplador.

SR. ALCALDE.- Publicado el Plan de Concellos 2016 el Ayuntamiento de Baiona optó por solicitar la subvención máxima permitida respecto al plan de empleo, por un importe aproximado de 200.000 euros; teóricamente al principio eran 10 personas por 10 meses y medio, y ahora 15 personas más (ya se lo anticipo) por 6 meses y medio. La Diputación fue lenta, las cosas como son, nosotros ya queríamos que esa gente estuviere trabajando a mediados de enero, sobre todo porque teníamos la Arribada encima; pero fueron lentos.

Y sobre lo que usted preguntaba decirle que es vía Diputación. Diputación se pone en contacto con el INEM, porque tiene que ser así bajo unos criterios, ellos dan unos parámetros para ver que personas desgraciadamente en el desempleo pueden acceder a esas plazas; el INEM nos traslada a nosotros ese grupo de personas que van a participar en esas pruebas y nosotros las hacemos. Ya le digo que el motivo es porque fueron lentos, obviamente. El INEM no puede hacer nada hasta que realmente no se lo manden de Diputación.

En cuanto al tema de que quedasen vacantes esas 3 plazas de limpieza viaria, a nosotros también nos duele mucho; egoístamente porque en primer lugar ya no disponemos de esa gente para la Arribada; y también porque creemos que cuanto menos gente haya en desempleo, mejor; pero hay que cumplir unos requisitos.

Creo que usted se confundió en cuanto a que nosotros digamos que las pruebas van a consistir en encender un soplador ó que hay que encender una motosierra. Hay gente que se presenta para jardinero, ó para peón, ó electricista, pero aquí no hay temario y obviamente son unas pruebas prácticas; no podemos decir lo que vamos a hacer.

Las personas que están en el tribunal varían (ya no estamos los políticos en los tribunales), seguimos con el tema de la transparencia, y para mí como Alcalde no me gustó que no hubiese entrado nadie pero coincidiría que las personas que se presentaron no dieron ese perfil. El paso siguiente que hicimos fue solicitar al INEM que nos mande más personas; siempre decimos que cuantas más personas nos puedan mandar por plaza, mejor; así siempre hay la posibilidad de que haya más personas que puedan cumplir los requisitos. Pero nuestro ánimo no es poner las pruebas difíciles ni nada de eso, pero nosotros no podemos decir en qué va a consistir la prueba práctica, ni en cuanto a cambiar la bolsa de una papelera, ni a encender un soplador. Se entiende, como usted bien ha dicho, que son unas pruebas básicas, y nosotros tenemos que seguir una serie de criterios.

SR.PEREIRA, BNG.- Queremos saber si o Concello solicitou a subvención dirixida a entidades para actividades do ano Castelao e dinamización do galego para o 2016. Estabamos dudando sobre esta pregunta e por iso non a fixemos antes, pero é que remata o prazo o 23 de marzo.

SR.ALCALDE.- Non te podo contestar a esta pregunta; non sei si algún concelleiro pode facélo.

SRA.IGLESIAS, PP.- Houbo unha reunión do Comité da rede de normalización lingüística pero non se tratou o tema da subvención.

SR.ALCALDE.- Nos informaremos. Moitísimas gracias.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.

